

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*DECRETO 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios.*

A Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior, e a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizo e o seu exercicio, mediante a cal se traspón aquela ao ordenamento xurídico español, sentan un principio xeral segundo o cal o acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio non estarán suxeitos a un réxime de autorización salvo que esta veña xustificada por unha razón imperiosa de interese xeral, sexa proporcionada ao fin que se persegue e non impoña o cumprimento de requisitos discriminatorios.

A Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, engade na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común o artigo 71 bis, que prevé a declaración responsable en que o interesado manifesta baixo a súa responsabilidade que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente e a comunicación previa ante a autoridade competente, mediante a cal se comunican os datos de identificación e outros necesarios para o exercicio da actividade.

O Real decreto 2825/1981, do 27 de novembro, creou o Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos, cuxa regulación foi posteriormente derogada polo Real decreto 1712/1991, do 29 de novembro. Ambas as normas establecían o rexistro como elemento básico para o funcionamento das empresas alimentarias en España e exixían a autorización sanitaria previa por parte das autoridades competentes para o funcionamento de calquera tipo de empresa alimentaria.

A finalidade última do citado rexistro no ámbito da seguridade alimentaria é a protección da saúde a través da información actualizada das vicisitudes das empresas que interveñen na cadea alimentaria, de maneira que se garanta unha adecuada programación dos controis oficiais e, pola súa vez, constitúa un elemento esencial para os servizos de inspección, asegurando a posibilidade de actuar con rapidez e eficacia naqueles casos en que existe un perigo para a saúde pública, sen que se obstaculice a libre circulación de mercadorías.

O Regulamento (CE) nº 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro, polo que se establecen os principios e requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan os procedementos relativos á seguridade alimentaria, supuxo un punto de inflexión para o establecemento dun novo marco de regulación nesta materia.

O Regulamento (CE) nº 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, establece a obrigatoriedade dos operadores da empresa alimentaria de colaborar coas autoridades sanitarias competentes, notificándolles a estas todos os establecementos que estean baixo o seu control en que se realice calquera das operacións de produción, transformación e distribución de alimentos da forma requirida pola citada autoridade competente, co fin de proceder ao seu rexistro. Así mesmo, coa finalidade de que a autoridade competente dispoña continuamente de información actualizada, deberán notificarlle calquera cambio significativo nas actividades que leven a cabo e todo peche dos establecementos existentes.

O Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, sobre o Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos, que derogou o citado Real decreto 1712/1991, manifesta nas súas consideracións iniciais que carece de sentido incluír no rexistro nacional as tendas de comerciantes retalistas, restaurantes, cafetarías, bares, panadarías, pastelerías, comedores de centros escolares ou hospitais e outros establecementos cuxa actividade principal é a venda polo miúdo ou o servizo *in situ* ao consumidor final ou a colectividades que comercializan nun ámbito local, incluíndo as zonas de tratamento alfandegueiro especial, xa que para eles resulta suficiente e máis adecuado un rexistro de ámbito territorial autonómico.

Estas consideracións son trasladadas ao artigo 2 do real decreto, onde exceptúa a determinadas empresas da obrigatoriedade de estar inscritas no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos e establece a necesidade da existencia dun rexistro autonómico no cal se deberían incluír todas aquelas empresas alimentarias mencionadas no parágrafo anterior e que son exceptuadas de inscrición no rexistro nacional.

O artigo 33.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, establece a competencia da Comunidade Autónoma para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.

O artigo 3.15º da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, define a saúde pública como o conxunto de iniciativas, actividades e servizos organizados polas administracións públicas para mellorar a saúde da poboación mediante intervencións colectivas ou sociais, que teñan por obxecto a identificación e modificación, de ser o caso, dos factores protectores e de risco para a saúde que evitan ou condicionan a aparición de morbilidade, mortalidade prematura e discapacidade.

Entre as prestacións que comprende a saúde pública, o artigo 49.e) da citada Lei 8/2008 inclúe o establecemento de estándares de produción e de medidas de protección da saúde fronte a riscos ambientais, como os derivados, entre outros, dos produtos alimenticios.

O presente decreto componse de sete artigos, dúas disposicións adicionais, dúas disposicións derradeiras e tres anexos en que se procede a crear o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios, así como a regular o procedemento para a inscrición, modificación e cancelación rexistral das empresas e establecementos alimentarios no citado rexistro, e a establecer o seu réxime sancionador.

Na súa virtude, de conformidade co previsto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, por proposta da conselleira de Sanidade, cos informes previos correspondentes e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catro de outubro de dous mil doce,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto crear o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios, en diante Regasa, que ten como finalidade a protección da saúde pública e dos intereses dos/das consumidores/as, facilitando o control oficial das empresas e establecementos sometidos á inscrición, así como regular o procedemento para a inscrición, modificación e cancelación rexistral das empresas e establecementos alimentarios no citado rexistro.

O Regasa quedará adscrito á dirección xeral ou unidade de similar rango que teña as competencias en materia de seguridade alimentaria nas fases posteriores á produción primaria.

O Regasa será complementario do Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos, adscrito á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e respectará o carácter de rexistro unificado de ámbito estatal que a este último lle atribúe o artigo 1.2 do Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, polo que este se regula.

*Artigo 2. Ámbito e natureza do Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios*

1. O Regasa terá carácter autonómico, existindo un rexistro unificado para todo o ámbito da comunidade autónoma.

2. Deberán inscribirse no Regasa todas aquelas empresas e establecementos alimentarios que cumpran os criterios fixados no artigo 4.

3. O Regasa terá carácter público e disporá dunha base de datos informatizada. A publicidade realizarase mediante certificación na cal poderá constar:

- a) Nome comercial da industria ou establecemento.
- b) Número de rexistro asignado.
- c) Dirección postal da industria ou establecemento.
- d) Actividade ou actividades en que está rexistrado.

A protección dos datos persoais vinculados ao dito rexistro rexeráse de conformidade co disposto pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento que a desenvolve.

Os datos que consten no Regasa poderán ser cedidos entre administracións públicas con fins estatísticos.

A xestión do Regasa corresponderalle á unidade administrativa que teña atribuída a xestión dos controis oficiais en materia de seguridade alimentaria.

4. A inscrición no Regasa non exclúe a plena responsabilidade do operador económico respecto do cumprimento da lexislación alimentaria.

### Artigo 3. *Definicións*

Para os efectos deste decreto serán aplicables as definicións previstas no Regulamento (CE) nº 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria, e as recollidas no Regulamento (CE) nº 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios.

### Artigo 4. *Empresas e establecementos alimentarios suxeitos á inscrición*

1. Inscibiranse no Regasa as empresas ou establecementos alimentarios, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que o operador económico teña sede, domicilio, axencia ou exerza actividade comercial na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Que a actividade que realice consista exclusivamente en manipular, transformar, envasar, almacenar ou servir alimentos para a súa venda ou entrega *in situ* ao consumidor final, con ou sen repartición a domicilio, ou a colectividade, así como cando estes fornezan outros establecementos destas mesmas características e se trate dunha actividade marxinial en termos tanto económicos como de produción respecto da realizada por aqueles, que leve a cabo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Non serán obxecto de asento no Regasa as empresas e os establecementos alimentarios que teñan a obriga de estar inscritos no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos, regulado polo Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, os locais ou establecementos de venda ambulante, como toldos, postos e vehículos de venda ambulante, establecementos de tempada, locais utilizados principalmente como vivenda privada, locais utilizados ocasionalmente para servir comidas e máquinas expendedoras.

### Artigo 5. *Contido do Rexistro*

1. Serán obxecto de asento no Rexistro:

a) O inicio das actividades das empresas e dos establecementos relacionados no artigo 4.1, para cuxo efecto se practicará a correspondente inscrición de acordo co procedemento establecido no artigo 6.

b) A modificación de calquera dos datos da información obrigatoria necesaria para a inscrición das empresas e dos establecementos alimentarios, recollidos no anexo II.

c) O cesamento definitivo da actividade das empresas e dos establecementos que dará lugar á cancelación da inscrición.

2. A inscrición das empresas e dos establecementos a que fai referencia a letra a) do número 1 practicarase por instancia dos operadores da empresa alimentaria. O asento da inscrición no Regasa xerará un número que se configurará conforme os criterios establecidos no anexo III deste decreto.

3. Os operadores da empresa alimentaria deberanlle comunicar á autoridade competente as circunstancias a que fan referencia as letras b) e c) do número 1, no prazo dun mes desde que estas se produzan.

Recibida a comunicación, a inscrición será obxecto de modificación ou cancelación rexistral, segundo os casos.

4. A modificación ou cancelación rexistral poderase practicar de oficio cando se constate a inexactitude dos datos da inscrición, o cesamento definitivo da actividade das empresas e dos establecementos ou, se é o caso, a imposición dunha sanción, pola comisión dunha infracción grave, de acordo co previsto no artigo 42 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En todo caso, esa modificación porase de manifesto ás persoas interesadas ou, de ser o caso, aos seus representantes, que poderán alegar e presentar as xustificacións e documentos que consideren pertinentes.

#### **Artigo 6. Procedemento para a inscrición, modificación e cancelación rexistral das empresas e dos establecementos alimentarios**

1. A presentación dunha comunicación previa ás autoridades competentes en materia de sanidade da provincia correspondente por razón do lugar da súa localización, segundo o modelo recollido no anexo I deste decreto, será condición única e suficiente para que se tramite a inscrición das empresas e dos establecementos no Regasa e, simultaneamente, se poida iniciar a actividade, sen prexuízo dos controis que posteriormente poidan levar a cabo.

2. A comunicación de modificación de calquera dos datos de información obrigatoria ou do cesamento definitivo de actividade dos establecementos, segundo o modelo recollido no anexo II deste decreto, dirixirase á autoridade competente en materia de sanidade de cada provincia por razón do lugar da súa localización.

3. A presentación das comunicacións de inicio de actividade e de modificación de datos poderá realizarse de forma presencial de conformidade co disposto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou a través de sede electrónica, no enderezo <https://sede.xunta.es>, segundo o regulado na disposición adicional primeira deste decreto.

#### Artigo 7. *Réxime sancionador*

O incumprimento da obriga da comunicación con carácter previo ao inicio das actividades recollidas neste decreto será considerado como infracción de carácter leve, de acordo co previsto no capítulo IV do título II da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, con remisión a esta para os efectos do procedemento sancionador aplicable.

#### Disposición adicional primeira

De conformidade co previsto no Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán; no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes; e no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos; e co previsto na Orde do 15 de setembro de 2011 pola que se aproba a posta en funcionamento da sede electrónica da Xunta de Galicia e na restante normativa de desenvolvemento; a comunicación previa en que soliciten a inscrición, así como a comunicación de modificación de calquera dos datos de información obrigatoria recollidos nos anexos I e II, ou do cesamento definitivo da actividade económica dos establecementos, poderase realizar en sede electrónica a través do portal <https://sede.xunta.es>

#### Disposición adicional segunda

Aqueles operadores nos cales concorran as circunstancias previstas no artigo 4 do presente decreto e cuxos datos, para os efectos previstos na presente disposición, consten

en poder do órgano de adscrición do Regasa, unicamente virán obrigados a comunicar as modificacións que se produzan naqueles ou o cesamento da súa actividade, sen prexuízo das correccións oportunas que deban realizar as autoridades competentes para a adecuación ao disposto neste decreto.

Aos ditos operadores seralles asignado e comunicado de oficio o número de rexistro que lles corresponda.

#### Disposición derradeira primeira

Facúltase a consellería competente en materia de seguridade alimentaria nas fases posteriores á produción primaria para ditar as normas necesarias para a execución e o desenvolvemento da presente disposición, sen prexuízo das competencias que, por razón da materia, teñan outras consellerías.

#### Disposición derradeira segunda

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catro de outubro de dous mil doce

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Rocío Mosquera Álvarez  
Conselleira de Sanidade



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>COMUNICACIÓN DE INICIO DE ACTIVIDADE PARA A INSCRIPCIÓN NO REGISTRO GALEGO SANITARIO DE EMPRESAS E ESTABLECEMENTOS ALIMENTARIOS (REGASA)</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>SA550A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

  

<b>DATOS DA PERSOA TITULAR DA EMPRESA OU ESTABLECEMENTO ALIMENTARIO</b>			
APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL			NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
ENDEREZO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

  

<b>DATOS DO/DA REPRESENTANTE DA EMPRESA OU ESTABLECEMENTO ALIMENTARIO</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
REPRESENTACIÓN EN CALIDADE DE			
<input type="text"/>			

  

<b>DATOS DA EMPRESA OU ESTABLECEMENTO ALIMENTARIO</b>			
NOME DO ESTABLECEMENTO			
<input type="text"/>			
ENDEREZO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ACTIVIDADE ALIMENTARIA (1) (2)			CÓDIGO/S (3)
<input type="text"/>			<input type="text"/>

(1) Descrición da actividade segundo o cadro de actividades do anexo III.  
(2) Enumeraranse todas as actividades que vaia desenvolver.  
(3) Código da actividade segundo o cadro de actividades do anexo III.

  

<b>DECLARACIÓN RESPONSABLE</b> <input type="checkbox"/> Que dispón dos locais e do equipamento necesario para levar a cabo as actividades notificadas e que estes son adecuados á normativa que lles é de aplicación.
--

  

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

  

<b>LEXISLACIÓN APLICABLE</b> - Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior. - Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, sobre o Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos. - Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios.
--

  

<b>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU PERSONA QUE A REPRESENTA</b>
Lugar e data
<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade en **XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO	
<b>COMUNICACIÓN DE MODIFICACIÓN DE DATOS NO REGISTRO GALEGO SANITARIO DE EMPRESAS E ESTABLECEMENTOS ALIMENTARIOS (REGASA)</b>	<b>SA550B</b>	<b>SOLICITUDE</b>	
<input type="checkbox"/> Comunicación modificación datos do Regasa <span style="float: right;">Nº do Regasa <input type="text"/></span>			
<input type="checkbox"/> Cambio do titular <input type="checkbox"/> Modificación da actividade <input type="checkbox"/> Outros			
<input type="checkbox"/> Cambio de domicilio social <input type="checkbox"/> Cesamento da actividade			
<input type="checkbox"/> Ampliación <input type="checkbox"/> Baixa de inscrición no Regasa			
<b>DATOS DA PERSOA TITULAR DA EMPRESA OU ESTABLECEMENTO ALIMENTARIO</b>			
APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<b>DATOS DO/DA REPRESENTANTE DA EMPRESA OU ESTABLECEMENTO ALIMENTARIO</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
REPRESENTACIÓN EN CALIDADE DE			
<input type="text"/>			
<b>DATOS DA EMPRESA OU ESTABLECEMENTO ALIMENTARIO</b>			
NOME DO ESTABLECEMENTO			
<input type="text"/>			
ENDEREZO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ACTIVIDADE ALIMENTARIA <sup>(1)</sup> <sup>(2)</sup>		CÓDIGO/S <sup>(3)</sup>	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
<b>CAMBIO DE TITULAR</b>			
APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL DO/DA ANTERIOR TITULAR		Nº DO REGASA	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
<b>CAMBIO DE DOMICILIO SOCIAL</b>			
ENDEREZO ANTERIOR		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<b>AMPLIACIÓN/MODIFICACIÓN DA ACTIVIDADE</b>			
NOVA/S ACTIVIDADE/S ALIMENTARIA/S <sup>(1)</sup> <sup>(2)</sup>		CÓDIGO/S <sup>(3)</sup>	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
<b>CESAMENTO DA ACTIVIDADE</b>			
ACTIVIDADE/S ALIMENTARIA/S EN QUE CESA <sup>(1)</sup> <sup>(2)</sup>		CÓDIGO/S <sup>(3)</sup>	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	

(1) Descrición da actividade segundo o cadro de actividades do anexo III.  
 (2) Enumeráranse todas as actividades que vaia desenvolver.  
 (3) Código da actividade segundo o cadro de actividades do anexo III.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE SANIDADE

**OUTROS****DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Que dispón dos locais e do equipamento necesario para levar a cabo as actividades notificadas e que estes son adecuados á normativa que lles é de aplicación.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.
- Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, sobre o Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos.
- Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU PERSONA QUE A REPRESENTA**

Lugar e data

 ,  de  de Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade en 

**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

## ANEXO III

**Asignación de número de identificación no Regasa**

A) O número asignado a cada empresa ou establecemento alimentario constitúese da seguinte maneira:

1) Un bloque de catro díxitos asignado en función da actividade que desenvolva conforme se recolle na táboa seguinte:

Código	Descrición
9600	Obradoiro de panadaría/pastelería non industrial
9603	Despacho de venda de pan e/ou pasteis
9700	Prazas de abastos
9701	Produtos lácteos tradicionais
9801	Establecementos de restauración comercial sen comedor independente (serven tapas-racións e/ou pinchos)
9802	Restauración comercial con comedor independente (restaurante, cafetería, buffet-autoservizo, servizo a domicilio, comida rápida etc.)
9803	Restauración social
9901	Hipermercados
9902	Supermercado/ultramarinos
9910	Carnizaría
9911	Carnizaría salchicharía
9912	Carnizaría chacinaría
9913	Peixaría
9914	Froitaría
9915	Lambetadas (caramelos ...)
9916	Herboristaría
9917	Retallista de conxelados

2) Un bloque de catro díxitos en que se numerarán de xeito correlativo os establecementos inscritos no Regasa.

3) Un bloque alfabético que indicará a provincia en que radica o enderezo da empresa ou establecemento conforme a seguinte táboa.

Código	Descrición
C	A Coruña
LU	Lugo
OU	Ourense
PO	Pontevedra